



MEMORIA-PROPOSTA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A ASOCIACIÓN DE CANS DE SALVAMENTO DE GALICIA EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL.

O Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, establecen que esta vicepresidencia e consellería, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias que, en materia de protección civil, ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo (DOG nº 62, do 29 de marzo de 2000), modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio (DOG nº 108, do 7 de xuño de 2004), polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Conforme ao establecido nos artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

Entre os medios e recursos mobilizables pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, é conveniente contar en determinados momentos, ademais dos propios, con medios alleos co fin de optimizando recursos e orzamentos, sendo obxecto deste convenio a colaboración coa Asociación de Cans de Salvamento de Galicia (CASAGA), coa intervención dos seus equipos caninos, na busca, localización e rescate de persoas desaparecidas ou en perigo.

CASAGA conta con medios humanos, materiais e ca experiencia necesaria para a intervención na busca de persoas desaparecidas, adquirida ao longo destes anos nos que se acadaron bos resultados na colaboración coas autoridades de protección civil da Administración Autonómica de Galicia.

Dado que estas funcións son exercidas de forma exclusiva no territorio da provincia da Coruña por CASAGA, non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, de acordo co establecido na Lei 1/2016 do 18 de xaneiro de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega.






XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax: 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.es



A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, colaborará nos custos que xeran as actividades obxecto do presente convenio, reflectido no orzamento global de previsión de gastos (anexo I), con cargo á aplicación orzamentaria 05.25.212A.640.00 e código de proxecto 2015 00122 dos orzamentos do ano 2016, por un importe de oito mil euros (8.000€).

A data de efectos do presente convenio será dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016.

Ao amparo das competencias anteriormente indicadas e dada a coincidencia de ambas institucións na necesidade de colaboración mutua, tendentes a mellorar a prevención e seguridade dos nosos cidadáns, así como fortalecer a planificación e intervención nas emerxencias ordinarias e extraordinarias que poidan darse na nosa comunidade contando con institucións especializadas en determinadas materias e optimizando recursos e orzamentos, é polo que se considera conveniente, nos termos reflectidos, a sinatura deste convenio con CASAGA en materia de protección civil.

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2016

O director xeral de Emerxencias e Interior

Luis Menor Pérez

